

ESTREA EN NUMAX: 20.09.2019 | V.O.S.E. | +7

*Ad Astra* (2019, 124')

**Dirección:** James Gray

**Guión:** James Gray, Ethan Gross

**Elenco:** Brad Pitt, Liv Tyler, Ruth Negga, Tommy Lee Jones, Donald Sutherland, John Finn, Kayla Adams, Kimmy Shields, Bayardo De Murguía, Lorell Bird Dorfman, Sasha Compère, Afsheen Olyae

**Son:** Douglas Murray

**Montaxe:** John Axelrad, Lee Haugen

**Fotografía:** Hoyte van Hoytema

**Dirección de arte:** Kevin Constant, Christa Munro, Alison Sadler, David Scott, Gary Warshaw

**Vestuario:** Albert Wolsky

**Música:** Max Richter, Lorne Balfé

**Produtoras:** Plan B Entertainment, Regency Enterprises, Keep Your Head Productions, MadRiver Pictures, 20th Century Fox Film Corporation, New Regency Pictures, RT Features, Bona Film Group (EEUU, Brasil, China)

**Distribuidora:** Fox

**Formato de proxección:** DCP2K

**Idioma orixinal:** Inglés

#### PREMIOS E FESTIVAIS

Venecia 2019 (Sección Oficial)

#### FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*Two Lovers*, 2008

*La noche es nuestra*, 2007

*La otra cara del crimen*, 2000

*Little Odessa*, 1994

#### SINOPSE

O astronauta Roy McBride (Brad Pitt) viaxa aos límites exteriores do sistema solar para atopar a seu pai perdido e desentrañar un misterio que ameaza a supervivencia do noso planeta. A súa viaxe desvelará segredos que desafían a natureza da existencia humana e o noso lugar no cosmos.

«Un filme fermosísimo, magnético en cada un dos seus planos tan contemplativos como brillantes. É unha fita que converte o xogo necesario do recoñecemento nun espazo case sagrado de asombro»

Luis Martínez, EL MUNDO



## “Os conflitos son interesantes, por aí vén o meu interese nas relacións familiares”

Entrevista con James Gray  
Por Fernando Bernal

**Hai dous anos xa falaba da súa gana de facer *Ad Astra*, por que lle obsesionaba tanto este proxecto?** Kurt Vonnegut escribiu en 1959, moito antes das expedicións lunares, *Las sirenas de Titán*, un libro moi interesante que comeza explicando que os seres humanos sempre miramos cara a fóra. Coma se tirásemos unha pedra ao espazo a ver que hai, e o único atopásemos fose morte, sen sentido e comedia barata. E pensei que era unha forma moi fermosa de empezar. Nesta película atopei a forma de exporme a min mesmo, que é o que sempre quero, pero na contorna dunha viaxe espacial que funciona perfectamente como contraste. Ese contraste fai que a miña intimidade sexa aínda máis poderosa, e esa é a idea que me obsesionou durante todo este tempo.

**E tamén volve haber neste filme unha viaxe...** No caso de *Z. La ciudad perdida* acórdome que pensei que aqueles conquistadores europeos que chegaron a América deberon ter a mesma sensación que se fosen a Marte. Un novo continente que no século XVI era algo descoñecido e perigoso como un planeta afastado.

**Sempre tivo claro que, ademais de produtor Brad Pitt, sería o**

**protagonista da longametraxe?** Non, nunca podes escribir o guiión pensando nun actor. Se logo non o quere facer vas deprimirte ou mesmo vas querer deixar de facer esa película. Tento crear os personaxes a través da imaxe de xente coñecida, neste caso na dos grandes astronautas americanos, ou de grandes estrelas do cinema clásico. Digo: «Isto viríalle xenial a Spencer Tracy». Pero actores do pasado. Se logo dá a casualidade de que consigues un actor fantástico, xenial. É verdade que podo escribir nalgunha ocasión pensando en Joaquin Phoenix, co que rodei varias películas, ou en Marion Cotillard, pero é que os coñezo moi ben. Pero, en xeral, trato de evitalo.

**Aínda que cambie de xénero e abrace a ciencia ficción, nesta película segue estando presente ese interese seu polas relacións familiares, neste caso pai-fillo.** Levas toda a razón. É unha cousa que sae de forma inconsciente. Cando fago unha película non me proponho facer a mesma outra vez (risas). Pero ao final o resultado parece o mesmo. É estraño, porque aínda que o contexto sexa novo, diferente, conto cousas parecidas, trato de ser persoal... Pero o feito de que a contorna sexa outra consegue que todo pareza novo. É un reto, porque ás veces un non se gusta como persoa e cansa de expresar as súas relacións máis íntimas. Pero é o que me gusta facer. E é raro, porque, por exemplo, a miña relación coa miña muller é marabillosa e moi saudábel. E tamén cos meus fillos. Somos unha familia moi unida e ese nivel de confianza fai que a nosa relación non sexa interesante. Os conflitos son moito máis interesantes (risas). Igual por aí vén o meu interese nas relacións familiares.

**A banda sonora da película é de Max Richter, pero por momentos parece que pode soar *The End*, de *The Doors*, en *Apocalypse Now* ou a banda sonora de *2001: Unha odisea do espazo*, que creo que son dúas das grandes referencias da película.** No caso da segunda película, a viaxe espacial preséntase nun ton máis verosímil. E cando decides facelo así tes que aceptar algunhas normas ou ben subvertelas. Porque, por exemplo, no espazo non hai son. Kubrick xa fixera moitas cousas desas e eu non me podía limitar a repetilas. O que si fixen é tomar prestados algúns elementos doutra xente.

**Por exemplo?** Deses compositores de música minimalista dos 60. O son de fondo que acompaña todo o principio da película é en realidade Tommy Lee Jones dicindo «I love you, my son» nun loop continuo. E isto aparece de forma continua na cinta. Quizá me inspiraron nisto tamén as dúas películas que dis, pero non pasa nada porque hai que roubar dos mellores (risas).

Publicado en elperiodico.com  
Tradución: Olalla Cociña

### O autor

James Gray, de ascendencia rusa, naceu en Queens, Nova York, en 1969. Debutou na dirección aos vinte e cinco anos con *Little Odessa* (1994), coa que gañou o León de Prata no Festival de Venecia ao Mellor Director. En moitos dos seus filmes ten empregado o estilo clásico do cinema negro e policial para tratar o drama familiar, as relacións sentimentais e as de amizade. Ten firmado títulos imprescindibles do cinema *made in USA* das últimas décadas como *La otra cara del crimen* (2000), *La noche es nuestra* (2007) ou *Two Lovers* (2008).

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | www.numax.org



## AMALIA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.  
#eusondenamax